| CA5.3 Describiuse o funcionamento dos aparellos de medición das variables meteorolóxicas |
| CA5.4 Analizáronse as predicións meteorolóxicas de fontes oficiais |
| CA5.5 Identificáronse os estratos níveos |
| CA5.6 Recolleuse e interpretouse a información para prever os riscos de avalancha |

## 4.11.e) Contidos

| Contidos |
| --- |
| Estrutura e organización dun campamento. Orientación das tendas segundo os ventos dominantes e outros axentes atmosféricos.<br>Atmosfera e tempo atmosférico local. Variables meteorolóxicas e aparellos de medida: funcionamento, lectura e interpretación de datos. Temperatura, termómetro e escalas. Presión atmosférica, barómetro e unidades de medida. Altímetro. Vento, anemómetro e catavento. Radiación solar, manto níveo e radiación. Piranómetro e heliógrafo. Humidade, higrómetro, psicrómetro e aspiropsicrómetro. Precipitacións e pluviómetro.<br>Sensación térmica.<br>Gradiente de temperatura vertical. Inversión térmica.<br>Mapas meteorolóxicos e mapas significativos. Relacións entre variables meteorolóxicas. Simboloxía. Isóbaras, isotermas, isoliñas, frontes e centros báricos.<br>Interpretación das predicións meteorolóxicas, de avisos de fenómenos adversos e de datos da Axencia Estatal de Meteoroloxía ou de fontes fiables.<br>Signos naturais e previsión do tempo. Nubes: tipos. Brétema. Ventos: tipos, dirección e intensidade. Comportamento animal e vexetal.<br>Previsión da evolución do tempo atmosférico utilizando o barómetro e o termómetro.<br>Manto níveo: características. Aludes. |

## 4.12.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 12 | SEGURIDADE, RESCATE E SUPERVIVENCIA | 12 |

## 4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para rutas de baixa e media montaña, e para terreo nevado, seguindo os procedementos para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes | NO |
| RA2 - Dirixe a progresión de grupos por itinerarios de baixa e media montaña, e adapta as técnicas ás características do terreo e das persoas participantes | NO |
| RA4 - Organiza a pasada da noite no medio natural, utilizando técnicas de acampada e bivaque, e constrúe refuxios de fortuna | NO |
| RA6 - Dirixe o grupo en situacións de emerxencia e coordina os recursos e as medidas de seguridade, aplicando técnicas de rescate e evacuación en rutas de baixa e media montaña, e en montaña nevada | SI |

## 4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.3 Comprobouse o estado dos elementos específicos de seguridade e prevención de riscos |
| CA2.11 Detalláronse as medidas que hai que adoptar ante síntomas de fatiga, insolación, deshidratación, bloqueos ou condutas de risco das persoas participantes |
| CA4.7 Construíuse un refuxio de fortuna para realizar un bivaque planificado e de urxencia |
| CA6.1 Definiuse o protocolo que cómpre seguir en casos de perigo |
| CA6.2 Demostráronse as técnicas de aproximación e evacuación en caso de accidente |
| CA6.3 Detallouse a información necesaria aos grupos de rescate |
| CA6.4 Detalláronse sinais de socorro |
| CA6.5 Sinalizouse a zona de rescate |
| CA6.6 Realizáronse técnicas de transporte de persoas accidentadas |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA6.7 Simuláronse as adaptacións ao medio en caso de fenómenos atmosféricos perigosos |
| CA6.8 Determináronse as medidas de detección e rescate en casos de avalancha |
| CA6.9 Aplicáronse os procedementos de extracción dunha persoa accidentada en caso de alude |
| CA6.10 Explicouse a utilización de detectores e de material nun rescate |

## 4.12.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Material de seguridade e primeiros auxilios. |
| Medidas para adoptar ante síntomas de fatiga, insolación, deshidratación, bloqueos ou condutas de risco das persoas participantes. |
| 0Protocolo de rescate de vítimas en avalancha. ARVA ou DVA (detector de vítimas de avalancha). Pa e sonda. Configuración previa á actividade. |
| Actuación ante a avalancha. |
| Valoración da importancia de seguir os protocolos de actuación con seguridade, orde e precisión. |
| Procura de persoas extraviadas. |
| Protocolo de actuación ante un accidente. |
| Aviso a grupos de rescate. |
| Procura de axuda. |
| Sinais internacionais de socorro. |
| Técnicas de transporte de persoas accidentadas. Elaboración de padiolas de fortuna, escadas e tirolesas. |
| Evacuación da persoa accidentada. |

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

AVALIACIÓN CONTINUA:
Probas teóricas que recollen as partes mais conceptuais das UD. impartidas no trimestre: exames tipo test e preguntas cortas 40% da nota.
Probas prácticas e teórico - prácticas, lecturas de mapas, trazado e planificación de rutas, organización de actividades de orientación, progresións na montaña, .....: terán un 30% da nota.
Demostra aptitude nas prácticas e actividades de aula, rutas.... en función do tratado ata o momento do seu desenvolvemento terán outro 30% da nota do trimestre.

CONSIDERASE O MÓDULO SUPERADO CUNHA NOTA SUPERIOR A 5 PUNTOS.

No caso de non poder asistir a algunha das probas (teóricas ou prácticas) o alumno/a deberá acreditar un xustificante médico para cambiar a proba de data.

Cando se faga mais de un examen por avaliación (sendo os exámenes de contidos diferentes), a nota establecerase facendo a media, sempre e cando se supere o 4 en cada un deles (se un examen inclue contidos anteriores será a nota deste a que se terá en conta, sin facer media co anterior).
Tendo en conta que non se poden poñer decimais, a nota será a correspondente ó número enteiro que acaden (por exemplo 6,4 , no boletín iralle 6).
A nota final da asignatura establecerase facendo a media entre as notas obtidas nas tres avaliacións (é dicir, o 6,4 en lugar de o 6 que aparece no boletín), que teñen que estar aprobadas. aqueles alumnos que teñan un número decimal de 5 ou máis, redondearáselle a nota ata o número enteiro superior (por exemplo, un alumno que teña de nota de avaliación un 6,5, no boletín iralle un 7); polo contrario, cando o decimal sexa inferior a 5, a nota será o número enteiro inferior (un alumno que teña de nota de avaliación 6,25, por exemplo, levará no boletín un 6).

PÉRDIDA DA AVALIACIÓN CONTINUA:
Falta de asistencia NON Xustificada ó 10% das sesións.
No caso de enfermidade ou lesión deberase acreditar o xustificante médico que indique a lesión, o período de convalecencia.

Aquel alumnado que perda o dereito a avaliación continua, terá dereito a unha pobra final extraordinaria no mes de xuño.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Procederase a realizar un exame de recuperación por cada unha das avaliacións suspensas, nas última semanas do trimestre correspondente, puidendo facelo na seguinte avaliación se o transcurso da programación e as actividades previstas o permiten. A media que se debe obter para recuperar a avaliación será de 5 pts, tendo que ter todos os traballos entregados cos criterios solicitados e o resto de apartados superados positivamente, para aprobar a avaliación. En todo caso as porcentaxes e o grao mínimo de consecución corresponderase co citado no apartado 5 desta programación didáctica.
Estas probas basearanse nos contidos e competencias que o alumno/alumna teña suspensas ou non adquiridas. Por exemplo: no caso de facer dous exames teóricos (un aprobado e outro suspenso) a recuperación realizarase do tema ou dos temas non aprobados.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que terá un carácter continuo, sendo obrigatoria a asistencia do alumnado ás clases. O número de faltas inxustificadas que implica a perda da avaliación continua será dun 10% respecto a duración total do módulo, e no caso concreto deste módulo 23 horas (aproximadamente 28 sesións de 50 minutos).
Aquel alumnado que perda o dereito a avaliación continua, terá dereito a unha avaliación extraordinaria previa a avaliación final de módulos. onde se lle avaliará de todolos contidos que marca o currículo (incluidos aqueles correspondentes a avaliacións que o alumno/a tivese xa aprobadas) e atendendo ós seguintes criterios de cualificación:
Probas teóricas e/ou traballos (50%). Das unidades ou temas impartidos no curso académico.
Probas prácticas e/ou teórico-prácticas (50%). Constituirá unha síntese dos exames prácticos realizados: planificación ruta, planificación carreira ou recorrido de orientación, lectura - uso gps.....
O alumno/a deberá obter unha cualificación mínima de 5 ptos para superar a proba, tendo que ter susperados os dous apartados, asi como ter entregados os traballos solicitados.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A profesora do módulo fará o seguimento da programación, informando o resto de profesores do departamento do ciclo, a marcha das actividades programadas nas reunións de departamento; así como das alteracións na temporalización e as causas das mesmas.

A práctica docente avaliarase cos alumnos utilizando varios procedementos: a observación directa do transcurso do proceso de ensinanza-aprendizaxe, entrevista libre con alumnos durante as clases prácticas e/ou teóricas, a traves de listas de control a cubrir pola profesora, e a traves de listas de control e test que se lles pasará ós alumnos, unha vez ó trimestre.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

As primeiras semanas do curso realizarase a avaliación inicial dos alumnos/as para coñecer ó nivel de competencia con respecto os obxectivos xerais do módulo. Realizarase a través de entrevistas orais cos alumnos/as tanto nas clases teóricas como nas actividades prácticas. Pautaranse actividades que partan de coñecementos e competencias do curso anterior, como o seguemento de mapas, planos, uso básico do gps, coñecemento básico de material e equipamento... fundamentalmente do módulo de organización de itinerarios de 1º de ciclo, de igual maneira se procederá a planificar actividades prácticas de sendeirismo e montaña en progresión de capacidade física e dificultade avaliando os coñecementos de cada alumno/a para adaptar en maior grado o proceso de aprendizaxe o grupo aula.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Estas medidas están dirixidas ao alumnado que non responde globalmente aos obxectivos programados. Facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ás características do alumnado.
Neste apartado da programación, recóllense as medidas necesarias para que o alumnado poida conseguir as competencias profesionais, persoais e sociais, e os resultados de aprendizaxe deste módulo profesional; e contribuían a que acade na medida do posible a competencia xeral do título de actividades físico-deportivas no medio natural.
Segundo o Decreto114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional en Galicia, no capítulo XV adicado ao alumnado con necesidades educativas especiais (artigo 62º.3), disponse que: En calquer caso, estas medidas non poderán afectar de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.
Dende o reforzo trátase de acadar os mesmos obxectivos, traballando os mesmos contidos que serán avaliados cos mesmos criterios, pero mediante estratexias metodolóxicas, secuencias ou duración diferentes.
Estes obxectivos, contidos e criterios de avaliación son os mínimos esixibles a todos os alumnos e que se concretizan nos apartados correspondentes da programación.
A continuación menciónanse as medidas de reforzo educativo referidas ás decisións tomadas en: que, como e cando ensinar e que, como, cando avaliar.
En canto as decisións relativas á organización e á secuenciación dos aprendizaxes: que ensinar e avaliar, adóptanse as seguintes medidas:
Formular coa máxima claridade e precisión os obxectivos didácticos, contidos e resultados de aprendizaxe e compartilos co alumnado. Comprender dende o inicio de cada unidade didáctica o que se pretende con ela, favorece o desenrolo da autonomía para aprender dos alumnos/as e permite mellorar os seus progresos e /ou dificultades. Insistir nesta cuestión, cos alumnos/as con rendemento escolar insuficiente, é imprescindible para que coñezan con claridade os aspectos a recuperar.
Establecer secuencias de contidos que aseguren as aprendizaxes básicas para todos (contidos mínimos) e coñecementos de maior complexidade para algúns.
Deseñar actividades de ensinanza-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade, axustándose ao máximo ás posibilidades de aprendizaxe dos alumnos/as do grupo. Non se trata de que todos os alumnos/as teñan que realizar idénticas tarefas para acadar os mesmos obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Propor tarefas abertas que supoñan distintos niveis de dificultade ou opcionais sobre os mesmos contidos, dándolle a posibilidade de elixir aos alumnos/as con dificultades. Indicarlle sobre todo a estos alumnos/as en que aspectos da actividade lles convén centrar a súa atención para acadar os obxectivos marcados.
Propoñer distintos tipos de actividades, non tanto como actividades diferentes entre sí desde o punto de vista formal, pero sí no sentido da utilidade que para o profesor/a ten en cada momento. Así, unha mesma actividade pode estar axudando a aprender ao alumno/a e dando información ao profesor sobre as ideas previas existentes, ou noutro caso tratarse dunha actividade de síntesis para o alumno/a e de avaliación para

o profesor/a. Tipos de actividades que se deben desenvolver nas unidades didácticas: actividades de introdución- motivación, de coñecementos previos, de desenvolvemento, de reforzo, de recuperación, de ampliación, de síntesis- resume, de consolidación, de avaliación.

En relación as decisións sobre como ensinar e avaliar, destacar as seguintes medidas:
Partir do nivel do alumno/a e dos seus aprendizaxe previos, tomando en consideración o que saben e pensan sobre o tema a tratar na aula.
Proporcionar situacións de aprendizaxe vinculada cos intereses, experiencias e coñecementos informais dos alumnos/as, co fin de que resulten motivadoras.
Insistir máis en certos contidos, sobre todo cos alumnos/as que manifesten certas dificultades de aprendizaxe no módulo.
Introducir os contidos máis xerais ou simples antes que os máis específicos ou complexos, ir do concreto ao abstracto, do próximo ao lonxano...
Presentar os contidos en espiral, que retomen os contidos abordados anteriormente. Conectar os novos contidos cos coñecementos previos, experiencias e valores, de xeito que os alumnos/as recoñezan as aprendizaxes anteriores coma requisito de acceso ás novas.
Explicar con claridade os contidos a recuperar no caso dos alumnos/as que non acadan os obxectivos propostos.
É importante que o alumno saiba en cada momento en qué punto da unidade se está e porque se fai aquela actividade, exercicio...Por iso, é conveniente utilizar esquemas, índices, guións para que os alumnos poidan seguir a unidade didáctica mellor e que teñan unha visión global do conxunto do traballo a desenvolver.

Utilizar estratexias para axudar a que o alumno adquira os contidos, como:
-Uso de preguntas por parte do profesor/a sobre os pasos que dá para resolver as actividades: se tiña o obxectivo claro, como resolveu as dificultades de comprensión ou de execución, como verificou que o obxectivo estaba acadado...Isto axuda ao alumno/a a fixar a súa atención e tomar conciencia dos procesos que lle están permitindo resolver a súa tarefa.
-Reinterpretación das intervencións dos alumnos/as. Deste xeito, o profesor/a utiliza a información que o alumno/a lle aporta para poder brindarlle o que necesita.
-Ampliar, repetir, completar e demandar ao alumno/a máis información.
-Reflexionar co alumno/a sobre os feitos.
- Recompensar as condutas académicas e sociais de: traballo persoal, rendemento, traballo en equipo e colaboración no mesmo, respecto aos demais compañeiros e ao traballo dos mesmos, atención durante as explicacións, realización de tarefas para a casa...
-Valorar as aportacións dos alumnos, a pesar de que non sexan totalmente correctas.
-Comentar na clase problemas relacionados co aprendizaxe do módulo.
-Axudar a que todos os alumnos teñan as mesmas oportunidades de participar e opinar.
- Ensinarlle ao alumnado a buscar o valor positivo de aprender o que hai que estudar e facerlle entender para que serve o que estudian. Ese obxectivo pode acadarse ensinando aos alumnos a facerse preguntas como: Para que me piden que estudie este tema?, Qué é o que debería aprender?, Qué valor pode ter sabelo?... E, si non atopan resposta a estas preguntas é preciso que aprendan a preguntallo aos seus profesores.
-Mostrarlle nas distintas unidades a utilidade concreta do que teñen que conquerir.
- Intentar que todos teñan experiencias de éxito no que se fai.
Establecer distintas modalidades de agrupamento (gran grupo, pequeno grupo e traballo individual), priorizando agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos. A aprendizaxe entre iguais

resulta en numerosas ocasións tan eficaz ou máis que aprender coa axuda do profesor, dada a simetría da relación e a facilidade do alumno/a de sitúarse na ¿lóxica¿ dos seus compañeiros. Ademais utilizar métodos de aprendizaxe que requira traballar en pequenos grupos, permite que o profesor/a dedique eses tempos a prestar unha atención máis personalizada aos alumnos/as que a requiran.

Explicar ao alumnado cal a temporalización prevista para as unidades didácticas e procurar cumplilo, priorizando os contidos máis importantes no caso de desaxustes na temporalización. Considerar diferente tempo para a realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe, por exemplo conceder máis tempo nas probas de avaliación.

Utilizar recursos e materiais diferenciados para a presentación da información ¿ gráficos, audiovisuais, textos, debuxos, manipulables...- que respondan aos distintos estilos de aprendizaxe de alumnos/as e as modalidades posibles de entrada da información. Así, por exemplo, ante a presencia de alumnos/as con serios inconvenientes para seguir o razoamento nunha exposición oral xeral, pódense realizar períodos de información máis cortos e pautados que permitan dar resposta a esta necesidade específica.

Elixir procedementos e instrumentos de avaliación pertinentes para obter información relativa ao proceso de ensino-aprendizaxe. Deben servir para coñecer as dificultades ou bloqueos de cada alumno, de modo que se poidan adoptar as medidas pedagóxicas máis convenientes.

Aplicar criterios de avaliación que contemplen diferentes graos de logro, pero sempre esixindo o cumprimento dos criterios de avaliación mínimos. Valorando o  proceso e o esforzo, e non únicamente os resultados finais. Valoración ponderada de diferentes aspectos nos traballos e probas.

Precisar as causas que ocasionan que determinados alumnos/as non aproveiten suficientemente as experiencias de aprendizaxe que se desenrolan no seu grupo habitual. Para eso, cabe analizar as axudas complementarias que o profesor/a ofrece a estes alumnos/as para que efectúen as súas aprendizaxes e a disponibilidade do alumno/a para a aprendizaxe e as súas posibilidades.

Nas decisións sobre cando ensinar e avaliar, teñen relevancia as seguintes medidas:

Realizar unha avaliación inicial sempre que se comence unha unidade didáctica para detectar as ideas previas dos alumnos, pois non tería sentido empezar o traballo sobre os novos contidos mantendo as actividades programadas, se estas requiren utilizar coñecementos previos que o grupo de alumnos/as non ten adquiridos. Tamén pode ocurrir que só se detecten este tipo de ¿lagunas¿ nalgúns alumnos/as, neste caso, pódese optar por modificar o ritmo ou a vía de introdución dos novos contidos para quen o necesite ou ben adicar algún tempo a repasar ou afianzar coñecementos xa adquiridos polo resto do grupo, de modo que o traballo resulte útil para todos.

Facer unha avaliación durante o proceso ou formativa seleccionando diversos procedementos e instrumentos para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe e poder proporcionar, sobre a marcha, as axudas necesarias para que cada alumnos /a progrese. Nesta línea é importante:

- Corrixir e comentar as probas na aula e orientar os traballos despois da súa revisión.
- Adicar tempo das sesións de clase para traballar aqueles aspectos nos que se aprecien dificultades.

Desenvolver unha avaliación sumativa, para comprobar os resultados de aprendizaxe, facer un balance e contrastar o aprendido globalmente por cada alumno/a ao final da unidade.

Adoptar medidas pedagóxicas que respondan ás necesidades do alumnado do grupo e lles axude a mellorar os seus aprendizaxes respecto aos obxectivos marcados tras facer un seguimento da realización das súas actividades.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No desenrolo das unidades didácticas deste módulo, intentarase traballar algúns dos temas relacionados cas capacidades terminais do ciclo:

A educación para a SAÚDE.
A COEDUCACIÓN.
A educación para a PAZ.
A educación AMBIENTAL.
O xogo LIMPO
A educación para o CONSUMO
A educación VIAL
A valoración do noso PATRIMONIO CULTURAL.

Este punto e no que queremos deixar claro a responsabilidade de titular neste ciclo. Distinguimos este perfil técnico especialista en actividades físico deportivas no medio natural como un perfil cunha gran carga de responsabilidade, xa que será o responsable da vida, nalgúns momentos e actividades, do grupo de persoas que leve ó seu cargo. Polo que unha disciplina coherente, tanto na forma de traballar, responsabilidade, superación, expresión oral, expresión escrita, aptitudes, indumentaria, habilidade, relacións públicas, marketing, etc...Polo que recalcamos como moi importante cumprir uns mínimos valores para poder pasar este módulo.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Poderán realizar as saídas pedagóxicas ofertadas polo departamento aqueles alumnos que demostren os coñecementos mínimos aprendidos para o correcto aproveitamento de dita actividade, sempre que se poda garantizar a seguridade do propio alumno e do grupo.

Estes coñecementos serán avaliados polo profesorado que realice dita actividade, podendose tratar do resultado da realización de probas (traballos, probas escritas..) ou do seu comportamento e actitude (faltas de asistencia, faltas disciplinarias, participación na preparación da actividade...).
As saidas complementarias e extraescolares previstas para este curso son:

1. Saída de 3 días a Montaña de Ancares.

2. Planificación e posta en práctica da ruta nocturna para os alumnos/as de 1º de ciclo.
3. Planificación e posta en práctica de rutas para diferentes niveles da ESO.
4. Organización de xornada de xogos no Magosto.
5. Saída ó Monte Pindo, guiando os alumnos/as de 1º de ciclo.
6. Organización de circuitos de orientación para os alumnos/as de 1º de ciclo e da ESO.
7. Saída á neve.
8. Organización dun RAID de orientación.
9. Ruta de 30 km na Serra do Barbanza.
10. Realización dalgunha das etapas do Camiño de Santiago.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía

Do mesmo xeito que a natureza deste ciclo formativo é de carácter inminentemente práctico, a metodoloxía utilizada neste módulo sigue esa liña. Os contidos do mesmo impartiranse e presentaranse vinculados a realizacións prácticas de diferentes actividades (saídas en rutas de diferente lonxitude, nivel de dificultade técnica e desnivel,¿ a zonas representativas da zona do Barbanza como Caveiro, Aguieira, Campamento de Virxe de Loreto, Monte Dordo, Curota, Piscinas do Río Pedras...), que servirán de vehículo para ir introducindo todo o conxunto de coñecementos que os alumnos terán que manexar para formar as súas capacidades. Por iso, o traballo de campo constitue a base do traballo deste módulo. Ademáis, incluiranse sesións de aula (teoría, videos, prácticas no aula e no centro, conferencias ou colaboracións...) que sustentarán e permitirán o desenrolo e posta en práctica das habilidades requeridas para este perfil profesional.
Adicaranse fundamentalmente os luns para as saídas e rutas pola contorna.